

Celga



Certificado
Lingua
Galega

1

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C1-B-19

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre vivir sen usar o coche. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Conversar sobre o tema.

Seis boas razóns para vivir sen coche

Vivir sen coche está de moda. Cada vez máis persoas optan por outras alternativas, como ir en bici, coller o autobús ou camiñar.

Usar menos o coche é bo para a saúde e ademais podemos aforrar cartos. A continuación, damos seis razóns para prescindir do coche ou deixalo aparcado.

1. Aforras diñeiro

Ter coche significa pagar combustible, mantemento, seguro, impostos, reparacións e incluso algunha multa...

Segundo unha revista especializada, ter coche ocasiona un gasto de 3500 € ao ano e non usalo supón un grande aforro.



2. Existen alternativas

Podes camiñar ou usar a bicicleta en traxectos curtos e medios pola cidade. O transporte público é unha boa solución cando a distancia é un pouco maior. Ademais, ao ir en tren ou en bus, podes aproveitar para ler durante a viaxe.

3. Evitas preocupacións

O coche dános independencia e permítenos movernos comodamente. Pero tamén hai que ter en conta o nerviosos que nos poñen os atascos. Ademais, hai que ir pendente dos outros coches e das persoas, buscar onde aparcar...

4. Podes alugalo ou compartilo

Vivir sen coche non significa que non o usemos de vez en cando. De feito, alugalo pode ser unha boa solución para determinados momentos como, por exemplo, as vacacións. Outra posibilidade é compartilo, unha opción que cada día está máis de moda.

5. Terás máis saúde

Ao deixar o coche e moverte camiñando ou en bici, fas exercicio ao mesmo tempo. Estarás en forma e evitarás enfermidades. Recorda, moverse é moi san.

6. Contribuirás a un mundo verde

Ti non o vas notar, pero será a túa pequena contribución a un mundo menos contaminado, cun aire máis limpo. Coidar o noso medio é importante. Os nosos fillos terán un planeta máis verde.

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice. O principal obxectivo é explicarlle ao candidato a estrutura da proba e acomodalo. As primeiras preguntas NON son avaliáveis. ■ Como está? ■ Como se chama? ■ A que se dedica?	
2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: a partir de aquí XA é avaliável. O obxectivo é verificar o dominio lingüístico do candidato relacionado co ámbito persoal. As preguntas son só suxestións e poderanse facer as que se consideren pertinentes, sempre que se eviten as que poidan incomodar ou as que resulten molestas. ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? ■ Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o documento. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	

- De que trata o texto?
- Que razóns hai para non usar o coche?
- Por que se poden aforrar cartos se se evita o coche?
- Por que é máis saudable non empregar o coche?
- Que se pode usar en vez do coche?

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa co candidato.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

- Ten coche ou gustaríalle telo? Por que?
 - Como vai normalmente ao traballo/á clase/á compra? Por que?
 - Cre que a xente usa o coche para todo ou só para o máis necesario?
 - Cre que se pode prescindir do coche no lugar onde vive? Por que?
 - Pensa que é máis fácil vivir sen coche na cidade ou na aldea? Por que?
 - Considera que o clima inflúe no uso do coche? Como?
- (Se procede)
- Existen diferenzas no uso do coche entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Cal é o seu medio de transporte favorito á parte do coche? Por que?
- Cal lle parece que se utiliza máis?
- É realmente máis barato o transporte público? Por que a xente non o utiliza máis?
- Parécelle unha boa idea compartir coche? Por que?
- Faino vostede ou coñece alguén que o faga?
- Coñece algunha aplicación para poder compartir coche?
- Usou algunha vez estas aplicacións? Faríao? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas no uso do coche entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Pensa que a xente usa demasiado o coche? É bo ou malo para a saúde? Por que?
- Usa as escaleiras en vez do ascensor? Baixa do bus unha parada antes para ir camiñando? Cre que é bo para a nosa saúde?
- Camiña ou anda en bicicleta con frecuencia?
- Practica algún outro tipo de exercicio?
- Que outros hábitos saudables intenta seguir?

(Se procede)

- Existen diferenzas no uso do coche entre Galicia e o seu lugar de orixe?

